

Marco galego de competencias dixitais

Procedemento para a realización da
proba de nivel Intermedio do Marco
Galego de Competencias Dixitais para
alumnado de 4º ESO

INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO

INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO

Benvidas e benvidos á proba para a certificación de nivel das competencias dixitais ComDix Intermedio para alumnos e alumnas de 4º de ESO.

A proba ten unha duración máxima de 90 minutos. Transcorrido este tempo finalizarase de xeito automático e entregaráse para a súa corrección. A proba pode finalizarse antes dos 90 minutos.

Non se pode comer nin beber durante a proba. Se alguén precisa ir ao baño, agora é o momento, pois non poderá saírse da aula mentres non acabe a proba.

A proba consta de **63 preguntas**, divididas en 5 áreas e orientadas ás 21 competencias que se establecen no ComDix. Para cada competencia faranse 3 preguntas, 2 orientadas a avaliar coñecementos e 1 orientada a avaliar habilidade.

O tipo de preguntas é variado. Fixádevos que algunhas piden unha única resposta, outras piden varias, en ocasións hai que escribir manualmente a resposta, noutros casos arrastrar elementos... Se xorden dúbidas, para cada pregunta tendes o botón "Mostrar axuda" onde aparece a indicación de como se debe responder esa pregunta.

Durante a realización da proba podedes acceder a Internet -de feito para responder a algunha das preguntas pode ser necesario-. Este acceso só estará permitido a través do equipo informático co que estás a realizar a proba, xa que non está permitido o uso de calquera outro dispositivo electrónico. Tamén pode ser necesario facer uso dalgún dos programas instalados no equipo: lector de PDF...

As preguntas falladas **non descontan**, polo que **é recomendable que contestedes a todas as preguntas**. Para aprobar a proba a persoa aspirante deberá superar o 60% das preguntas de cada área e o 70% do exame.

Despois de contestar cada pregunta debes premer o botón "Gardar" antes de pasar á seguinte, agás que non teñades clara a resposta e a deixedes para o final para volver sobre ela. Unha vez chegado ao final das 63 preguntas, debes asegurarnos de que todas elas foron contestadas, e que están marcadas en azul no menú de navegación.

Antes de comezar a proba, e antes de poñer o PIN de activación, debes elixir en que idioma a queredes realizar: galego ou castelán. O idioma elixido acompañaravos ao longo de toda a proba sen opción a cambialo.

Rematada a proba, aparecerá en pantalla se o voso resultado é apto/non apto, así como a puntuación obtida por área e aquelas preguntas erradas, indicando cal sería a resposta correcta.

Finalizada a proba, poderedes consultar as preguntas falladas e comprobar cal era a resposta correcta. En todo caso, é importante que acabedes a sesión premendo o botón finalizar.

Empezamos:

Para entrar na plataforma de certificación abride un navegador, por exemplo Chrome, e escribide o URL:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/examinador>

Xa na páxina, debes indicar:

- Paso 1:

Nome de usuario: o voso DNI (incluíndo a letra en maiúscula sen guión, por exemplo: 12345678G)

Contrasinal: **comdix4eso**

- Paso 2: Xestionar cookies - Basta con aceptar as Cookies.
- Paso 3: Premer en "Comezar proba" e introducir o seguinte [PIN]

(Estes datos tédelos escritos no encerado).

No caso de que nese momento a algún dos presentes lles saia a mensaxe

"Volve a activar a proba para que se xere correctamente"

Bastará con premer novamente en "Activar" para que xere a proba.

Tedes 90 minutos. Moita sorte!